CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación

# - NADAL 2013 -

## PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

## MATRÍCULA

| **DATOS PERSOAIS DO NENO/A SOLICITANTE** | | | |
|---|---|---|---|
| Nome e apelidos | | | |
| Data de nacemento | | | Idade |
| Nacionalidade | | | Sexo |
| Domicilio | | Núm. | Portal |
| Escaleira | Andar | Porta | C.P. |
| Centro de Ensino | | | Curso |
| Correo electrónico | | | |

| **Nome e Apelidos (nai / titora)** | | | DNI, NIF ou NIE |
|---|---|---|---|
| Ocupación | | Horario Laboral | |
| Núm. Seguridade Social | | Mutua ou Aseguradora | |
| Domicilio | | Núm. | Portal |
| Escaleira | Andar | Porta | C.P. |
| Municipio | | | Provincia |
| Teléfonos de contacto | Domicilio | Traballo | Móbiles |
| Correo electrónico | | | |

| **Nome e Apelidos (pai / titor)** | | | DNI, NIF ou NIE |
|---|---|---|---|
| Ocupación | | Horario Laboral | |
| Núm. Seguridade Social | | Mutua ou Aseguradora | |
| Domicilio | | Núm. | Portal |
| Escaleira | Andar | Porta | C.P. |
| Municipio | | Provincia | |
| Teléfonos de contacto | Domicilio | Traballo | Móbiles |
| Enderezo de correo electrónico | | | |

| **FICHA MÉDICA** | |
|---|---|
| Toma algún medicamento? | Cal? |
| Toma medicación ao longo da actividade? | Indicar dose: |
| Ten alerxias? | Cales? |
| Asma? □ si □ non | Observacións: |
| Maréase con frecuencia? | Vomita con frecuencia? |
| Padece hemorraxias a miúdo? | |
| Ten convulsións? | Ten algún réxime? |
| Ten as vacinas correspondentes á súa idade? | |
| Ten algunha discapacidade? Especificar: | |
| Outras: | |

| **Outros datos de interese** |
|---|
| Indique a garda e custodia para o caso de separación, divorcio, etc. |
| Observacións |

***Protección de datos***

*Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Educación con fins informativos, así como da posibilidade de exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.*

*Se non quere recibir ningunha información logo de rematada a actividade marque aquí cun X □*

**Departamento de Educación: tfno: 981 55 44 00. dptoeducacion@santiagodecompostela.org**

**Datas de desenvolvemento do programa:**

O programa desenvolverase durante o período das vacacións escolares do Nadal (días 23,24,26,27,30 e 31 de decembro de 2013 e días 2,3,7 e 8 de xaneiro de 2014), coas seguintes modalidades, entre as que poderán escoller as persoas interesadas:

- todos os días do programa
- días soltos

O horario do programa será das 09.00 ás 14.00 horas; as familias poderán solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (das 07.45 ás 09.00 horas) e un servizo de comedor (das 14.00 ás 15.30 horas).

**Lugares de realización da actividade:**
CEIP As Fontiñas e CEIP Pío XII.

**Número de prazas:**
- Actividades e obradoiros: 187 persoas
- Servizo de madrugadores, con almorzo: 45 persoas
- Servizo de comedor: 80 persoas

**Cota de inscrición e servizos solicitados** (*sinale cun –x- a opción que corresponda*)

**Prezos e modalidades:**

***Os prezos unitarios por día solto, son:***

Actividades e obradoiros (de 09.00 a 14.00 horas): 8,5 € día/participante
Servizo de Madrugadores (de 07.45 a 09.00 horas): 2 € día/participante
Servizo de Comedor (de 14.00 a 15.30 horas): 6 € día/participante

Días soltos escollidos..................................................Importe total...............................

***Programa completo:***

| SERVIZO | HORARIO | TODO O PROGRAMA (10 DÍAS) | |
|---|---|---|---|
| | | Sen desconto | Con desconto |
| Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades) | Das 07.45 ás 15,30 h | ☐…143,00€ | ☐…114,40€ |
| Modalidade madrugadores con almorzo e actividades | Das 07.45 ás 14.00 h | ☐…93,00€ | ☐…74,40€ |
| Modalidade comedor e actividades | Das 09.00 ás 15.30 h | ☐…125,00€ | ☐…100,00€ |
| Modalidade só actividades | Das 09.00 ás 14.00 h | ☐…75,00€ | ☐…60,00€ |

- *Aplicarase un desconto do 20% aos participantes que acrediten a condición de familia numerosa e se participan dous o máis irmáns nesta mesma oferta; estes descontos non son acumulables. Os pagamentos realizados non se devolverán en ningún caso, agás:*

  *1.- Que non se chegue a realizar o programa por non se cubrir un número mínimo de prazas.*
  *2.- Por razóns de enfermidade, circunstancia que se acreditará mediante certificado médico.*
  *3.- Para o caso de exclusión por non se cumpriren os requisitos que establece a convocatoria.*
  *4.- Nos casos de exclusión por se superar o número de prazas dispoñibles.*

***Protección de datos***
*Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Educación con fins informativos, así como da posibilidade de exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.*
*Se non quere recibir ningunha información logo de rematada a actividade marque aquí cun X ☐*

**Departamento de Educación: tfno: 981 55 44 00. dptoeducacion@santiagodecompostela.org**

**Documentación que deberán presentar:**

Ficha cuberta de formalización da matrícula (poden descargala na páxina web do concello, www.santiagodecompostela.org)
Unha fotografía de tamaño carné por cada participante
De ser o caso, copia do título de Familia Numerosa
Fotocopia da tarxeta sanitaria de cada participante
Xustificante de ter pagado na entidade bancaria 0030—6045-13-0870087271.
Ao realizar o pagamento deberá indicar o nome do/a neno/a e a modalidade na que participa.

**Prazo para formalizar a matrícula:** ata o 16 de decembro de 2013 (ambos os dous incluídos); se cando conclúa o prazo quedan prazas libres, poderán irse cubrindo pola orde da súa entrada no Rexistro, ata completalas. Durante este prazo deberán presentar a documentación indicada no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende, núm.4), no Rexistro Auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche (Rúa Frei Rosendo Salvado, núm.14-16) ou no do edificio CERSIA (Avenida do Alcalde Raimundo López Pol s/n). O horario para presentar as solicitudes e a documentación en calquera destes rexistros vai das 09.00 ás 14.00 h, de luns a venres (incluídos os sábados co mesmo horario no Rexistro Xeral). Tamén poderán utilizar calquera das vías de presentación de documentos que prevé o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (neste caso deberán enviar copia por mail a: dptoeducacion@santiagodecompostela.org).

Santiago de Compostela,..... de .................. de 2013

**Sinatura do Pai/nai, Titor/a ou Representante Legal:**

***Protección de datos***
*Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Educación con fins informativos, así como da posibilidade de exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.*
*Se non quere recibir ningunha información logo de rematada a actividade marque aquí cun X* □

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación

# PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN PARA O "NADAL 2013"

## - Información xeral -

O Departamento de Educación do Concello de Santiago ten previsto desenvolver un programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións do Nadal (días 23,24,26,27,30 e 31 de decembro de 2013 e 2,3,7 e 8 de xaneiro de 2014). Esta proposta comprende un conxunto de actividades para desenvolver nas instalacións do CEIP As Fontiñas e nas do CEIP Pío XII, destinadas á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago. Concíbese como un espazo deportivo e educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ao tempo que un apoio e un recurso para as familias no período das vacacións escolares.

**Destinatarios**: nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

**Datas de realización:** O programa desenvolverase durante o período das vacacións escolares do Nadal (días 23,24,26,27,30 e 31 de decembro de 2013 e 2,3,7 e 8 de xaneiro de 2014), coas seguintes modalidades, entre as que poderán escoller as persoas interesadas:

- todos os días do programa
- días soltos

O horario do programa será das 09,00 ás 14.00 horas; as familias poderán solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (das 07.45 ás 09.00 horas) e un servizo de comedor (das 14.00 ás 15.30 horas).

**NÚMERO DE PRAZAS:**

- Actividades e obradoiros: 187 persoas.
- Servizo de madrugadores, con almorzo: 45 persoas.
- Servizo de comedor: 80 persoas.

Para o desenvolvemento do programa é imprescindible:

- Que formalicen a correspondente matrícula un mínimo de 20 participantes nos obradoiros e actividades, por centro.
- Que formalicen a correspondente matrícula un mínimo de 10 participantes, tanto no servizo de comedor como no servizo de madrugadores, por centro.
-

**LUGAR DE EXECUCIÓN:** as actividades terán lugar nas instalacións do CEIP As Fontiñas (Rúa Roma, núm.21) e nas do CEIP Pío XII (Rúa Poza de Bar, núm.15)

## OBXECTIVOS

**OBXECTIVO XERAL**
Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Promover actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.



CONCELLO DE SANTIAGO. Departamento de Educación * Edificio CERSIA. Alcalde Raimundo López Pol, s/n. Santiago de Compostela * Tel. 981 554400 *
www.santiagodecompostela.org . dptoeducacion@santiagodecompostela.org

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación

# PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN PARA O "NADAL 2013"

## - Información xeral -

- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Potenciar actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural.
- Dar a coñecer que é o medio ambiente, a natureza e a importancia que ten.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

### TIPO DE ACTIVIDADES

No programa combinaranse actividades lúdicas e deportivas, xogos e obradoiros.

### MODALIDADES E HORARIOS

| SERVIZO | HORARIO |
|---|---|
| Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades) | Das 07.45 ás 15.30 h |
| Modalidade madrugadores con almorzo e actividades | Das 07.45 ás 14.00 h |
| Modalidade comedor e actividades | Das 09.00 ás 15.30 h |
| Modalidade só actividades | Das 09.00 ás 14.00 h |

Haberá un desconto do 20% para os solicitantes que acrediten ser familia numerosa e cando participen dous irmáns no programa, e aplicarase a todos os irmáns participantes. Estes descontos non son acumulables.

Para o cobro das cantidades correspondentes, o Concello de Santiago habilitará a conta bancaria 0030—6045-13-0870087271, para que os solicitantes poidan realizar o ingreso correspondente ás modalidades escollidas. Deberán indicar no momento de facer o ingreso os nomes e os apelidos das persoas participantes e a modalidade escollida.

### MATRICULACIÓN NO PROGRAMA

Abrirase un prazo de inscrición e matrícula ata o 16 de decembro de 2013 ; se ao concluír este quedan prazas libres, poderán irse cubrindo por orde de rexistro, ata completalas. Os solicitantes terán que cubrir a folla de matrícula e entregala no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, núm.4) ou nos Rexistros Auxiliares do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal o Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado, núm.14-16); e no CERSIA (Avenida Alcalde Raimundo López Pol, s/n). Tamén poderán utilizar calquera das vías de presentación de documentos que prevé o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (neste caso deberán enviar copia por mail a: dptoeducacion@santiagodecompostela.org).
Xunto coa folla de inscrición deberán presentar o xustificante de pagamento na conta bancaria municipal 0030—6045-13-0870087271.



CONCELLO DE SANTIAGO. Departamento de Educación * Edificio CERSIA. Alcalde Raimundo López Pol, s/n. Santiago de Compostela * Tel. 981 554400 *
www.santiagodecompostela.org . dptoeducacion@santiagodecompostela.org

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación

# PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN PARA O "NADAL 2013"

## - Información xeral -

- O Departamento de Educación do Concello de Santiago proporcionará as correspondente follas de matrícula no programa e publicará a listaxe de persoas admitidas e excluídas (de ser o caso) na páxina web do concello ( www.santiagodecompostela.org).

- As admisións realizaranse por **orde rigorosa da súa de entrada no Rexistro municipal**, ata cubrir as prazas dispoñibles.

- Para o caso de baixa no programa por enfermidade, a familia solicitante deberá xustificalo documentalmente mediante certificado médico e notificalo por fax ou por correo electrónico ao Departamento de Educación, antes do comezo do programa.

- Serán motivos de exclusión: non cumprir o requisito de idade, non entregar a documentación solicitada e/ou non realizar o pagamento das cotas establecidas nos prazos sinalados.

  Os pagamentos realizados non se devolverán en ningún caso, agás:
  1.- Que non se chegue a realizar o programa ao non cubrirse un mínimo de prazas.
  2.- Por razóns de enfermidade
  3.- Por causa de exclusión ao non cumplir os requisitos que se establecen na convocatoria.
  4.- Aqueles solicitantes que queden fóra por se teren superado as prazas dispoñibles.

### ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS

O alumnado distribuirase por grupos de idade e cada grupo contará cun monitor/a responsable, de tal xeito que os nenos e nenas teñan en todo momento unha persoa de referencia.

### PREZOS

***Os prezos unitarios por día solto, son:***

Actividades e obradoiros (das 09.00 ás 14.00 horas): 8,5 € día/participante.
Servizo de Madrugadores (das 07.45 ás 09.00 horas): 2 € día/participante.
Servizo de Comedor (das 14.00 ás 15.30 horas): 6 € día/participante.

***Prezos coas modalidades*:**

| SERVIZO | HORARIO | TODO O PROGRAMA (10 DÍAS) | |
|---|---|---|---|
| | | Sen desconto | Con desconto |
| Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades) | Das 07.45 ás 15.30 h | ☐…143,00 | ☐…114,40 |
| Modalidade madrugadores con almorzo e actividades | Das 07.45 ás 14.00 h | ☐…93,00 | ☐…74,40 |
| Modalidade comedor e actividades | Das 09.00 ás 1530 h | ☐…125,00 | ☐…100,00 |
| Modalidade só actividades | Das 9.00 ás 14.00 h | ☐…75,00 | ☐…60,00 |

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2013



CONCELLO DE SANTIAGO. Departamento de Educación * Edificio CERSIA. Alcalde Raimundo López Pol, s/n. Santiago de Compostela * Tel. 981 554400 *
www.santiagodecompostela.org . dptoeducacion@santiagodecompostela.org